

ACTA Nº 10(20/11/19)
COMITÉ TERRITORIAL DE COMPETICIÓN
TEMPADA 19-20

En Vigo, sendo as vinte horas do día 20 de Novembro do 2019, reunido o Comité Territorial de Competición para coñecer os incidentes habidos nos respectivos encontros e sobre os que se detallan os seguintes:

1º.-Aprobar os resultados dos encontros celebrados os días 16 e 17 de Novembre de 2019 correspondentes as categorías 1ª División Autonómica Masculino, 1ª División Autonómica Feminina, 2ª Autonómica Masculino, D.Honra Xuvenil Masculino e Feminina, 2ª División Honra Xuvenil Masculina, D.Honra Xuvenil Masculino e Feminina, D.Honra Cadete Masculino e Feminina, D.Honra Infantil Masculina e Feminina , 2ª División Cadete Masculino e Feminina, 2ª División Infantil Masculino e Feminina.

2º.-1ª AUTONÓMICA MASCULINO

2.1.-PARTIDO:UB.LAVADORES Vigo-B.PABELLÓN OURENSE

2.1.1.-Sancionar ao Club UB.LAVADORES, con multa de 15€(QUINCE EUROS) pola non identificación validada do corpo tecnico de (D.Rodrigo DE MOURA ALVAREZ), segundo establece o artigos 26a) NOREBAGA eo artigo 54F) do RRDg

3º.- 2ª DIVISIÓN AUTONÓMICA MASCULINO

3.1.-PARTIDO:B.TUI-B.FERROLTERRA

3.1.1.-Apercibimento de sanción ao Club BALONMÁN FERROLTERRA, pola ausencia do Oficial de Equipo, segundo establece o artigo 28a) do NOREBAGA

3.2.-PARTIDO:B.XALLAS-BM.LINEA 21

3.2.1.-Apercibimento de sanción ao Club B. LINEA 21 por non concorrer nun dos participantes no encontro (Dn.Carlos REY PAZ) os requisitos regulamentarios esixidos, sendo en todo caso a infracción debida a simple negligencia ou descoido, segundo establece ao artigo 53H) do RRDg

3.2.2.-Apercibimento de sanción ao Club BALONMÁN XALLAS, pola ausencia do Adestrador, segundo establece o artigo 26a) do NOREBAGA

4º.- DIVISION DE HONRA XUVENIL MASCULINA

4.1 .-ABRIR INFORMACION PREVIA.

Recibido escrito do Clube PABELLON OURENSE, no que pon de manifesto un posible quebrantamento da sanción imposta no punto 2.1 da Acta nº 9 de este Comité ao Adestrador do Bm Xiria D. José Antonio García Martínez, procede conceder prazo de alegacións ao Colexiado do Encontro PABELLON OURENSE – LABER XIRIA, D. ALFONSO CANITROT GOMEZ, e ao citado Adestrador, a fin de que se pronuncien en relación co escrito remitido por Pabellón Ourense. Prazo máximo de presentación de alegacións o día 27 de Novembro.

5º.-2ª DIVISIÓN XUVENIL MASCULINA

5.1.-PARTIDO: CISNE Colegio Los Sauces-Carnes do RIBEIRO Ourense Provincia

5.1.1.- Sanciomar ao Club ao Club CISNE Colegio Los Sauces., coa cuantía de 12€(DOCE EUROS) pola ausencia de UN(1) XOGADOR, segundo artigo 24g)do NOREBAGA

5.1.2.-.-Sancionar ao Club Carnes do RIBEIRO Ourense P. cõa cuantía de 48€(CUARENTA E OITO EUROS), póla ausência de CATRO(4) XOGADORES, segundo o artigo 24 g) do NOREBAGA

5.2.-PARTIDO:E.D.POIO-B.CANGAS

5.2.1.-Sancionar ao Club E.D.POIO. cõa cuantía de 12€(DOCE EUROS), póla ausencia de UN(1) XOGADOR, segundo o artigo 24 g) do NOREBAGA

5.3.-PARTIDO:Galipizza VIVEIRO-Parrillada la Ronda ARTEIXO

5.3.1.- Apercibimento de sanción ao Club ao Club Galipizza VIVEIRO ., póla ausencia de TRES(3) XOGADORES, segundo establece ao artigo 24g)do NOREBAGA

6º.-DIVISIÓN DE HONRA XUVENIL FEMININA

6.1.-PARTIDO:Taperia D´Hugo LAVADORES-BM.LINEA 21

6.1.1.- Apercibimento de sanción ao Club Taperia D´Hugo LAVADORES, pola ausencia do Adestrador, segundo establece o artigo 26a) do NOREBAGA

6.1.2.-Apercibimento de sanción ao Club BM.LINEA 21, por non concorrer nun dos participantes no encontro (Dn.Jose M. RODRIGUEZ AMADO) os requisitos regulamentarios esixidos, sendo en todo caso a infracción debida a simple negligencia ou descoido, segundo establece ao artigo 53H) do RRDg

6.1.3.-Apercibimento de sanción ao Club ao BM.LINEA 21 , pola ausencia do Adestrador, segundo establece o artigo 26a) do NOREBAGA

7º.- DIVISIÓN HONRA CADETE MASCULINO

7.1.-PARTIDO:B.PORRIÑO "A"-SD.TEUCRO Voz y Sonido Producciones

7.1.1.-Apercibimento de sanción ao Club ao B.PORRIÑO A ., póla ausencia de TRES(3) XOGADORES, segundo establece ao artigo 24g)do NOREBAGA

8.2.-PARTIDO:B.TUI-B.CULLEREDO

8.2.1.- Sancionar ao XOGADOR do BM CULLEREDO D. NUNO LOXO GARCIA, con suspensión temporal de UN (1) encontro de competición oficial, pola comisión dunha infracción do art. 34 D) do RRDG ao terse dirixido ao Colexiado con expresións de menosprezo.

8.2.2. Sancionar ao XOGADOR do BM CULLEREDO D. MARTIN INSUA GOMEZ, con suspensión temporal de DOUS (2) encontros de competición oficial pola comisión dunha infracción do art. 34 D) do RRDG, ao terse dirixido ao Colexiado con palabras ofensivas. Aplícase a atenuante do art. 8,2. do RRDG

9º.-DIVISIÓN HONRA CADETE FEMININA

9.1.-PARTIDO:Soapel LAVADORES- SAR Ledissón A

9.1.1.-Apercibimento de sanción ao Club Soapel LAVADORES, pola ausencia do Adestrador, segundo establece o artigo 26a) do NOREBAGA

10º.-2ª DIVISIÓN INFANTIL MASCULINO

10.1.-PARTIDO:AD.CARBALLAL-B.PABELLÓN OURENSE

10.1.1.- Sancionar ao ADESTRADOR do BM PABELLON OURENSE, D. MANUEL ALVAREZ PEREZ con suspensión temporal de CATRO (4) encontros de Competición Oficial pola comisión dunha infracción GRAVE do art. 33 do RRDG, por terse dirixido ao Colexiado con expresións amenazantes chegando a empurrar ao Colexiado cando este se atopaba no centro da pista unha vez finalizado ao encontro. A conducta adquire mais gravidade se cabe, por realizar ditas conductas en presenza de xogadores de categoría infantil, por tanto de 12 e 13 anos de idade.

11º.- GRAVACION ENCONTROS

En Asamblea Xeral Ordinaria de 06 de Xullo de 2019 aprobouse a obrigatoriedade dos Clubes de subir á plataforma habilitada na web da Federación Galega de Balonmán nunha calidade apta para a súa visualización todos os encontros das categorías Senior e categorías inferiores de División de Honra. Os videos deben estar subidos antes do xoves da semana posterior ao encontro ás 20.00 horas. O incumprimento desta obriga conleva unha sanción de 30,00 euros por encontro.

En consecuencia co anterior, procédese a sancionar aos clubs que non cumpriron con esa obriga na **xornada do 9 e 10 de Novembro**.

11.- BM CULLEREDO

Impoñer unha multa de 60,00 euros por incumprimento de gravación en 1ª Aut. Masculina e Division de Honra Xuvenil Masc.

11.- BM LALIN

Impoñer unha multa de 60,00 euros por incumprimento de gravación en Division de Honra Xuvenil Fem e D.H. Infantil Fem.

11.3.- BM MOAÑA

Impoñer unha multa de 30,00 euros por incumprimento de gravación en Division de Honra Xuvenil Fem.

11.4.-.-GALICIA SOCIAL

Impoñer unha multa de 30,00 euros por incumprimento de gravación en Division de Honra Xuvenil Fem.

12.- RECLAMACION GASTOS BALONMAN TUI. ACTA 8 PUNTO 3º

Recibida factura de Empresa Miño S.L. emitida a Balonmán Tui por servicios de autobús de desprazamento a Lalín, procede aprobar a reclamación do BM Tui, e requerir ao Balonmán Lalín para que proceda ao abono da cantidade de 350,00 euros (i.v.a incluído)

13º.-BAIXAS

11.1.--Autorizar, segundo ao artigo 38 do NOREBAGA. o trámite da seguintes baixas :

-**GABRIEL VIDAL ALVAREZ** (Club Balonmán Culleredo de Xuvenil Masculino)

14º.-CAMBIO DE DATA DE ENCONTROS

12.1.- Autorizados os cambios dos seguintes encontros:

- **2ª División Xuvenil Masculino OAR Ciudad-Recambios Infra Lucus 05/12/19 ás 20:00**
- **División Honra Cadete Masculino B.Luceros-OAR Ciudad 15/12/19**
- **División Honra Infantil Masculino B.Luceros-OAR Ciudad 15/12/19**

a)-**CALQUERA** incremento de gastos de arbitraje que se orixine polos cambios de data dos encontros, correrán a cargo do club solicitante con independencia do pago do fondo arbitral, conforme ao previsto no artigo 130.a), párrafo 3º, do Rgto. de Partidos e Competición

b)- **REQUERIR** aos club **Recambios Infras B.LUCUS** o pago de trinta euros (30 €) en concepto de taxas pola solicitude do cambio de data e horario dos encontros arriba mencionados, sen mediar causa de forza maior, de conformidade co disposto no artigo 130 del Rgto. de Partidos y Competiciones, importe, que ven especificado no artigo 21.a) e b) do NOREBAGA/2015- 16.

15º.-RECURSOS

Contra os devanditos acordos poderase interpoñer recurso ante o COMITÉ TERRITORIAL DE APELACIÓN no PRAZO MÁXIMO DE DEZ DÍAS HÁBILES a contar dende o seguinte o da súa notificación, previo pago das taxas correspondentes, cuxo importe TRINTA EUROS (30€) deberá remitirse por medio de cheque xunto co escrito do recurso. Todo iso segundo establecen os artigos 110 e seguintes do RRDg e o 52 f) do NOREBAGA.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión.

O PRESIDENTE DO COMITÉ
TERRITORIAL DE COMPETICIÓN

Asdo. Ismael Gómez Solla
(asinado no orixinal)

O SECRETARIO DO COMITÉ
TERRITORIAL DE COMPETICIÓN

Asdo. Mª Luz Sanromán Roade
(asinado no orixinal)